

# Proxecto EPÍSTOLA



## **Colección: Fondo: Xosé María Álvarez Blázquez no seu arquivo persoal**

**Ficha documental da epistola de Xosé María Álvarez Blázquez, a Fermín Bouza Brey, a Ricardo Carballo Calero do 17/01/1967**

**Colección:**

**Data:** 17/01/1967

**De:**

Xosé María Álvarez Blázquez;

**Para:**

Fermín Bouza Brey; Ricardo Carballo Calero;

**Orix:**

Oviedo (local), Asturias (provincial), Asturias (de comunidade autónoma)

**Destino:**

Lugo (municipal), Lugo (comarcal), Lugo (provincial)

**Destino:**

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada]

**Localización física:** Arquivo persoal de X. M. Á. B.

**Mencionados:**

Álvaro Cunqueiro; Rafael Dieste; Xesús Ferro Couselo; Joaquín Freire de Andrade Valverde; Miguel González Garcés; Antonio Rey Soto;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcripción da epistola de Xosé María Álvarez Blázquez, a Fermín Bouza Brey, a Ricardo Carballo Calero do 17/01/1967**

Oviedo, 17 de xaneiro 1967  
Sr. Don Fermín Bouza Brey e  
Don Ricardo Carballo Calero  
COMPOSTELA E LUGO

Meus queridos amigos:

Vos supoño sabedores de que, na xuntanza da Academia do 18 pasado, fúchedes nomeados ensembla conmigo pra informar sobor da proposta en favor de González Garcés como académico numerario, na vacante de Rey Soto (q.e.p.d.). Dita proposta, como saberedes, foi presentada por Ferro Couselo, Cunqueiro e Freire de Andrade.

De ningún xeito trato de torcer o voso criterio; somentes os quero adiantar que eu, pola miña parte, estou disposto a informar en contra. Con toda honradez, sin que me movan razóns persoanles—que nin eisten nin serían quens de me ditar unha inxustiza—coido que iste amigo non ten méritos bastantes, o que non é impeitizo para que os teña en outros terreos. Un só libro de versos galegos e uns artigos de prensa sobre temas máis ou menos vencellados a Galicia, non me parecen méritos dabondo, maormente pensando nas moitas xentes que na nos aterra traballan con meirande adicación e cicáves con miras máis desinteresadas pola non cultura. Tal é o caso, precisamente, de Rafael Dieste, cuia candidatura se opón á de Garcés, de xeito que si xa os méritos diste parécenme poucos, aínda resultan máis cativos opostos aos de Dieste.

Vexo, por outra parte, que nista desñación, polo que a min toca ao menos, hai algo de maquiavelismo estreito. González Garcés e os seus amigos saben que eu non estou ben disposto no seu favor; encomendándome o informe pónenme nun brete; si é favorábel—coma sen dúbida esperan, por respecto á tradición—non podo logo refugar o voto; si fose desfavorábel, quedaría eu nunha postura pouco airosa, coma quen dí en evidencia. Non sei si no voso caso daránse as mesmas circunstancias.

Eu teño eiquí a proposta en favor de Garcés máis o seu curriculum vitae, que é a cousa máis desmesurada que na miña vida vin, somentes comparabre ao globo de Betanzos. Dígovos que non quero mediar no voso criterio, pero vos rogo que, tal e como eu fago, señaes sinceros conmigo. En Compostela podedes vervos un día e parolar do asunto. Si estades dispostos a informar a favor, eu non tería máis remedio que facelo. Si coincidides conmigo, argallaríamos unha fórmula discreta, que de momento non se me ocorre.

En todo caso, un por un ou xuntos os dous, facédeme o favor de contestarme, ca posibre urxencia. É un mal trance no que nos puxeron, polo menos a min, e quero saír del o máis axiña, porque hai que rifar a cotío ca vida e precisa un home ter a meirande tranquilidade posibre.

Unha fonda aperta do voso amigo,  
X.M.A.B.

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.